



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE

XUÑO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaioito de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 4 e 11 de xuño de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 4 e 11 de xuño de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rexistrado de entrada con data 25 de maio de 2012 co número 6.724, no que se comunica a aceptación da renuncia ao cargo de xuíz de paz substituto do Concello de Cambre, formulada por don José Manuel García Martínez. Así mesmo, comunícase que o concello dispón dun prazo de tres meses para iniciar un novo expediente de elección, de non facelo así, o TSXG efectuará o nomeamento directamente.

- Resolución do 4 de xuño de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a

concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 111, do día 12 de xuño de 2012).

- Orde de 1 de xuño de 2012 da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 111, do día 12 de xuño de 2012).

- Resolución de 4 de xuño de 2012, do Instituto da Xuventude, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, pola que se convoca a concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións para o ano 2012. (Boletín Oficial do Estado número 141, do día 13 de xuño de 2012).

- Orde do 30 de maio de 2012 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 112, do día 13 de xuño de 2012).

- Escrito da Secretaría Xeral de Política Social, Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada con data 13 de xuño de 2012 co número 7.912, no que se comunica que se ten previsto asignar ao Concello de Cambre, no exercicio 2012, unha transferencia finalista por un importe non inferior ao das subvencións concedidas o pasado exercicio 2011 para esas finalidades, isto é, non inferior a 114.764,08 € destinado ao cofinanciamento do persoal técnico dos servizos sociais municipais, da prestación do SAF-básico e dos gastos de mantemento e funcionamento das escolas infantís de xestión municipal, se é o caso.

- Escrito da Dirección Xeral de Administración Local, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistrado de entrada con data 15 de xuño de 2012 co número 8.109, no que se informa que se dan por informados da tramitación do expediente relativo á cesión de uso á Cruz Vermella do local sito na urbanización da Barcala, praza Amador e Daniel n.º 24- A, e se comunica que, dado que o expediente de referencia non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

excede en valor do 25% dos recursos ordinarios do orzamento anual da corporación, non é necesaria a autorización por parte da Comunidade Autónoma.

- Orde do 13 de xuño de 2012 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se modifican as ordes da Consellería de Traballo e Benestar do 28 e 29 de febreiro, polas que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración, respectivamente, cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, así como coas entidades locais, e se procede á convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 114, do día 14 de xuño de 2012).

- Orde do 8 de xuño de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2012-2013. (Diario Oficial de Galicia número 115, do día 15 de xuño de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o pasado domingo tivo lugar a clausura da escola deportiva de tenis no pavillón de Cambre.

Tamén informa que, tanto a piscina de Cecebre como a do Balado, xa recibiron os permisos de Sanidade para a súa apertura. En canto á piscina do Temple, están pendentes de que nestes días se leve a cabo esa mesma revisión.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que xa se publicou definitivamente a Ordenanza de actividades, que se empezará a aplicar a partir do 1 de xullo. Xa se recibiron varias peticións de información a ese respecto.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que, a raíz da lei que se publicou en apoio ao comercio minorista, vai ser necesario levar a cabo unha modificación tanto da Ordenanza fiscal que regula o ICIO, como da Ordenanza fiscal de actividades.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que están traballando no tema da contratación dun arquitecto e un enxeñeiro, neste último caso vai ser necesario levar a pleno unha modificación da RPT, xa que se trata de abrir un concurso a funcionarios doutras administracións.

En canto aos temas de contratación xa están case rematados os expedientes de campamentos de verán, tanto urbanos como para mozos. Tamén se rematou o expediente para a contratación do local dos grupos municipais.

A continuación pregunta como está o tema da construción das instalacións para Protección Civil.

O Sr. alcalde contesta que vai adiante, que xa se enviou á Deputación a información que requiriu, e están agardando a súa aprobación.

Dona M^a Jesús González Roel explica que xa está revisado pola Intervención municipal o tema do bono-taxi, e pregunta se vai ir ao pleno deste mes.

A secretaria municipal contesta que o mirará.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa respecto das obras da rúa Pígara que practicamente xa só están pendentes da sinalización, tanto vertical como horizontal, para que estea rematada totalmente.

Tamén informa que está en marcha o tema da roza, e que o vindeiro xoves finaliza o prazo para presentación de ofertas polas empresas. Explica que este ano sufriu un atraso porque estaban agardando a ver se se aprobaba o inventario de camiños, pero que a súa intención é, para o vindeiro ano, sacar a contratación por dous anos máis prórroga, para non ter que estar licitando todos os anos o mesmo servizo.

Conclúe informando que están revisando os puntos de luz coa empresa Instelec, para tener un informe completo de toda a situación. Agarda que estea preparado para finais da semana.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que a semana pasada chegou a liquidación do orzamento. Está a analízalo, xa que se trata dunha información bastante extensa, e para a vindeira semana daralles conta dos resultados.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tamén informa que esta fin de semana tivo lugar a Feira do Comercio e Artesanía. Os actos unicamente se viron deslucidos polas condicións metereolóxicas, que obrigaron a suspender a festa infantil. O sábado si que tivo lugar a actuación da tuna de veteranos.

Para rematar, informa que xa se enviaron a varias entidades de crédito do municipio as condicións para a operación de crédito, por importe de pouco máis de 529.000.000 euros, co fin de financiar os investimentos do orzamento 2012.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que o pasado domingo tivo lugar a VI Xuntanza do Maior, cunha asistencia do 100%. Di que están moi satisfeitos con este acto, que reuniu unhas 700 persoas, todas elas empadroadas en Cambre, xa que se trata dun acto de relación social que permite á xente atoparse e reunirse con veciños que non ven durante todo o ano.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o mércores día 20, pola tarde, terá lugar a entrega dos premios "Supermoucho", nas instalacións das bibliotecas municipais.

Por outra parte, o día 23 terá lugar no Campo da Feira a sardiñada da Asociación de amas de casa. Ese mesmo fin de semana, celebraranse as festas da parroquia de Pravio.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente




Manuel Rivas Caridad

A secretaria




M^a Luisa de la Red Ampudia